

CATÁLOGO DE PUBLICACIONES 2020





Catro Ventos Editora é unha cooperativa sen ánimo de lucro centrada na publicación en galego de traducións e obras de creación propia. A idea deste proceso editorial nado en 2015 e materializado en xuño de 2016 foi consecuencia da combinación de dous elementos igual de importantes:

- o desexo de poder desenvolver unha actividade profesional que non só sexa viable economicamente, mais tamén coherente cos principios éticos das persoas socias que participamos no proxecto.
- a constatación de que existe un baleiro no mundo editorial galego nos ámbitos da economía social e da ecoloxía, malia o interese cada vez maior por estas cuestións na sociedade en xeral.

O temas da editorial son a ecoloxía, a economía social, a educación alternativa, o consumo responsable e os dereitos humanos.

O equipo de Catro Ventos está formado por tres tradutores Miguel Braña, Patricia Buxán e María Mediero (linguas de traballo: galego e castelán como linguas de chegada, e alemán, catalán, francés, inglés, italiano e portugués como linguas de partida) e dous deseñadores Isidro Dozo e Alicia Rodríguez (con particular experiencia nas artes gráficas, así como en publicidade e comunicación).

Tamén tomamos como punto de partida os seis principios establecidos pola Rede de Economía Alternativa e Solidaria (REAS):

1. **Sustentabilidade ambiental:** toda a nosa actividade produtiva e económica ten a ver coa natureza, polo que trataremos permanentemente de reducir a nosa pegada ecolóxica e fomentar o consumo responsable.
2. **Equidade:** todas as persoas socias temos os mesmos dereitos na vida interna da cooperativa. Isto concrétese en: «unha voz, un voto», igualdade de oportunidades, participación, transparencia na información, etc.
3. **Traballo xusto:** temos presentes as dimensións humana, social, política, económica, cultural e ambiental do traballo, e aspiramos a levar a cabo un labor estable e de calidade. Isto concrétese na igualdade salarial para todas as persoas socias.
4. **Cooperación:** queremos fomentar a cooperación en lugar da competencia, promovendo o traballo cooperativo e as sinerxías con outras persoas e organizacións.
5. **Sustentabilidade económica:** somos unha cooperativa sen ánimo de lucro, cremos na redistribución da riqueza que xeramos, na independencia política e ideolóxica, na transparencia e na xestión democrática, na sustentabilidade económica e no financiamento ético.
6. **Compromiso coa contorna:** buscamos a participación no desenvolvemento local comunitario e sustentable, creando redes de acción común solidaria e aplicando o principio «Pensa global, actúa local».

De seguido, presentamos os títulos que Catro Ventos ten publicados.

TRANSICIÓN ECOLÓXICA, MANUAL DE USO

DATOS XERAIS

Prezo: 18,50 €

N.º páxinas: 244 páxinas

Medidas: 13 x 20 cm pechado

Data de edición: setembro de 2016

EAN: 978 84 945917 0 9

Autoría: Aurore Lalucq, Philippe Frémeaux,
Wojtek Kalinowski

Tradución: Miguel Braña Montaña

Idioma: galego (tradución do francés)

Materia: ensaio

Iconas: economía social, ecoloxía

Público ao que vai dirixido: adultos e adolescentes

AUTORES:

Aurore Lalucq: economista e codirectora do Institut Veblen, un think tank (laboratorio de ideas) pluridisciplinar con sede en París que se centra na transición social e ecolóxica.

Philippe Frémeaux: editor de *Alternatives Économiques*, colaborador das canles radiofónicas France Info e France Culture, e presidente do Institut Veblen.

Wojtek Kalinowski: sociólogo e codirector do Institut Veblen, un think tank (laboratorio de ideas) pluridisciplinar con sede en París que se centra na transición social e ecolóxica.

SINOPSE

O cambio climático e o esgotamento dos recursos provocarán crises cada vez máis dramáticas se non reaccionamos con moita rapidez. A boa nova é que existen solucións e que non teñen por que ser punitivas: ao contrario, poden permitírnos vivir mellor.

Apostar pola transición ecolóxica non significa propor un simple reverdecemento do sistema actual, senón adoptar un novo modelo económico e social, que rompa coa ditadura do PIB. Un modelo que renove as nosas formas de consumir, producir, traballar e convivir; que favoreza o pracer, as relacións, o tempo libre; que permita e fomente a participación da cidadanía.

ETIQUETAS

Ecoloxía, biodiversidade, Antropoceno, cambio climático, contaminación, transición, economía, PIB, sustentabilidade, cidadanía, consumo, banca ética



ECONOMÍA
SOCIAL



ECOLOXÍA



A RUTA DOS REFUXIADOS

DATOS XERAIS

Prezo: 16 €* (*1€ / libro vai para a ONG elixida polos autores)

N.º páxinas: 72 páxinas

Medidas: 20 x 13 cm pechado

Data de edición: outubro 2016

EAN: 978 84 9459 17 16

Autoría: Unai Beroiz, Felipe Carnotto, Adrián Irago, Cristian López, Juan Teixeira

Idioma: galego

Materia: fotografía

Icona: dereitos humanos

Público ao que vai dirixido: adultos

AUTORES:

Unai Beroiz: fotoxornalista freelance desde hai case dez anos. Obtivo en 2006 o título de Técnico Superior en Imaxe na Escola de Cinema e Vídeo de Andoain. Recibiu tres Mencións de Honra nos Moscow International Photo Awards 2016.

Felipe Carnotto: fotógrafo documental. É licenciado en Comunicación Audiovisual pola UPSPA de Salamanca. Ten obra na colección da Deputación de Pontevedra e do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Adrián Irago: reporteiro gráfico desde 2009 especializado en fotoxornalismo e edición multimedia. Obtivo o Premio Nacional de Fotoxornalismo da Asociación Nacional de Informadores Gráficos de Prensa e Televisión no 2012.

Cristian López: xornalista / reporteiro. Conta historias, documenta vidas, investiga cousas, escribe. Pasou por varios medios tras licenciarse, hoxe traballa e aprende como periodista independente, pola súa conta e risco.

Juan Teixeira: fotógrafo documentarista. Neste ámbito, traballa como freelance. Cubriu o conflito no Donbass en Ucraína case desde o principio. Colabora habitualmente co xornal Gara e tamén publicou noutros medios nacionais e nalgún internacional.

SINOPSE

É nas miradas onde se agochan a maioría de respostas e este libro trata, precisamente, sobre a mirada. Sobre a ollada de tres fotógrafos galegos e un navarro que documentan a maior crise humanitaria que viviu a chamada Unión Europea, miradas propias cun elemento común: o foco posto nas vítimas e o lente orientado ao seu contexto.

Páxinas feitas de miradas de terror, de recordos que apenas poden contarse con palabras; de miradas que nos miran, preguntando como e por que este trato, de que fixeron para merecer tal desprezo; de olladas cheas de abulia e desconfianza entre quen os recibe; de miradas que berran inxustiza; de miradas cargadas de angustia e desesperanza, pasada, presente e futura.

Por cada exemplar vendido destinarase 1 euro á organización de axuda aos refuxiados escollida polos autores.

ETIQUETAS

Dereitos humanos,
fotografía, refuxiados.



MAÑANA (DEMAIN)

DVD E BLU-RAY

DATOS XERAIS

Prezo DVD: 12,95 €

Prezo BLU-RAY: 14,95 €

Medidas: 13x29 cm

Data de edición: setembro de 2016

EAN: 843 70 107382 96

Autoría: Cyril Dion, Mélanie Laurent

Tradución: Catro Ventos Editora
(subtítulos a galego)

Idioma: inglés, francés, castelán

Subtítulos: galego, castelán, catalán

Materia: documental

Icona: ecoloxía


Editora: Karma Films

Público ao que vai dirixido: adultos

AUTORES:

Cyril Dion: tras unha breve carreira como actor, pasa a coordinar proxectos para a fundación Hommes de Parole. Participa na organización do congreso israelita-palestino de Caux en 2003 e despois no primeiro e no segundo Congreso Mundial de Imáns e Rabinos pola Paz celebrados en Bruxelas e Sevilla en 2005 e 2006. En 2007 crea con Pierre Rabhi e algúns amigos o movemento Colibris que dirixirá até xullo de 2013. Na actualidade é voceiro e membro do comité directivo. Entrementes cofunda a revista *Kaizen* e a colección *Domaine du Possible de Actes Sud*.

Mélanie Laurent: actriz, participou en case corenta películas, entre as que destacan *Inglorious Bastards* de Quentin Tarantino, *Je vais bien ne t'en fais pas* de Philippe Lioret (pola que recibiu o premio César á mellor actriz revelación), *Le Concert* de Radu Mihaileanu, *La rafle* de Roselyn Bosch, *Night train to Lisbon* de Billie August e *Beginners* de Mike Mills. Dirixiu catro películas: dúas curtas e dúas longametraxes.



SINOPSE

Que pasaría se mostrar solucións ou contar historias que fan o ben fose a mellor maneira de resolver os problemas ecolóxicos, económicos e sociais que ten o noso planeta? Colaboramos con Karma Films neste proxecto para que agora poidas ver este afamado documental con subtítulos en galego. Tamén está dispoñible en castelán (subtítulos e dobraxe) e catalán (subtítulos). Dispoñible tamén en Blu-ray.

ETIQUETAS

Ecoloxía, economía social, consumo responsable, educación e crianza alternativa



ECONOMÍA
SOCIAL




ECOLOXÍA



CONSUMO
RESPONSABLE



EDUCACIÓN
E CRIANZA
ALTERNATIVAS



LIMPEZA CREATIVA

PRODUTOS DE LIMPEZA E COSMÉTICA NATURAL FEITOS POR TI

25 RECEITAS PARA COIDARES DA CASA E DE TI

DATOS XERAIS

Prezo: 12 €

Nº páxinas: 136 páxinas

Medidas: 13 x 20 cm

Data de edición: abril de 2017

EAN: 978 84 945917 30

Autoría: Elisa Nicoli

Tradución: María Mediero Mayán

Idioma: galego (tradución do italiano)

Materia: manual

Iconas: ecoloxía, consumo responsable

Público ao que vai dirixido: adultos

AUTORES:

Elisa Nicoli: naceu en Bolzano (Italia) e traballa como documentarista, xornalista, educadora ambiental e autoprodutora. Especializada en ecoloxía e nunha forma de vida natural, é autora de diversas obras en italiano, entre elas, *L'erba del vicino* (Altreconomia) e *Senza pesare sulla terra* (Ediciclo). Este é o primeiro título dela que se traduce ao galego.

SINOPSE

Un manual práctico de ecoloxía doméstica para aprender a elaborar produtos de limpeza e cosméticos con ingredientes naturais, fáciles de preparar e que respectan a saúde e o ambiente. Vinte e cinco receitas e miles de consellos para dicirmos adeus á industria da cosmética e dos produtos de limpeza. Xabóns e deterxentes ecolóxicos e eficaces para lavar a roupa, a louza e o chan; xabóns e aceites curativos, pastas de dentes e cremas hidratantes, un kit de beleza esencial para coidares de ti de maneira natural, do cabelo ás mans, do rostro á punta dos pés. Para sermos limpos, en todos os sentidos. E porque ben que o merecemos!

Nunha edición actualizada e adaptada á realidade galega acompañada dunha listaxe de artesáns e produtores da contorna que traballan con produtos naturais.

Máis de 10 000 exemplares vendidos en Italia.

ETIQUETAS

Ecoloxía, economía social, consumo responsable, consumo consciente e transformador, CCT



CONSUMO RESPONSABLE



ECOLOXÍA



XUÍZO AOS HUMANOS, OS ANIMAIS TOMAN A PALABRA

DATOS XERAIS

Prezo: 16 €

N.º páxinas: 228 páxinas, tapa branda

Medidas: 13 x 20 cm pechado

Data de edición: novembro de 2017

EAN: 978 84 945917 4 7

Autoría: Jose A. Jáuregui, Eduardo Jáuregui

Tradución: Miguel Braña Montaña

Idioma: galego (tradución do español)

Materia: novela

Iconas: ecoloxía, consumo responsable

Público ao que vai dirixido: adultos e adolescentes

AUTORES:

José Antonio Jáuregui: foi antropólogo, pensador e escritor. Desenvolveu teorías e conceptos que se adiantaron ao seu tempo, como a análise do «sentimento tribal», o seu modelo emocional do comportamento humano e a definición dunha cultura europea común. Alén de escribir numerosos libros e artigos, dirixiu series de televisión e radio. Faleceu de forma repentina deixando inacabada esta novela.

Eduardo Jáuregui: é doutor en Ciencias Políticas e Sociais, e publicou varios libros de divulgación sobre o sentido do humor e a psicoloxía positiva. Após a morte de seu pai, completou e editou o manuscrito de *Xuízo aos humanos*.

SINOPSE

Os animais do planeta Terra reúnen-se na selva para celebrar un xuízo extraordinario. Acusan o ser humano de crimes atroces: calumnias, maos tratos e xenocidio. A fiscal, a cobra Kali, e o avogado defensor, o can Filos, exporán os seus argumentos e chamarán diversas testemuñas. É realmente o *Homo sapiens* unha ameaza para a vida terrestre, unha especie arrogante, cruel e asasina que non merece a liberdade que os seus xenes lle outorgan? Ou pode aínda redimirse perante o resto dos animais? Chegou a hora de se enfrontar á Lei da xungla.

Inclúe un novo prólogo de Eduardo Jáuregui específico para a edición galega.

ETIQUETAS

Ética animal, dereitos dos animais, maltrato animal, protección animal, benestar animal, biodiversidade, consumo, vexetarianismo, fábula



ECONOMÍA
SOCIAL



ECOLOXÍA



BIODIVERSIDADE, CARA A UNHA SEXTA EXTINCIÓN MASIVA

DATOS XERAIS

Prezo: 18,50 €

N.º páxinas: 256 páxinas

Medidas: 13 x 20 cm pechado

Data de edición: novembro de 2017

EAN: 978 84 945917 2 3

Autoría: Raphaël Billé, Philippe Cury, Michel Loreau, Virginie Maris, Sylvestre Huet (coord.)

Tradución: Miguel Braña Montaña

Idioma: galego (tradución do francés)

Materia: ensaio

Icona: ecoloxía

Público ao que vai dirixido: adultos

AUTORES:

Raphaël Billé, especialista en xestión ambiental. Director do proxecto rexional RESCCUE de xestión integrada das zonas costeiras

Philippe Cury, biólogo mariño. Director do Centro de Investigación Pesqueira Mediterránea e Tropical de Sète (Francia) e da unidade mixta de investigación UMRI 212 dedicada ao enfoque ecosistémico da pesca

Michel Loreau, ecólogo. Director de investigacións do Centro de Investigacións Científicas de Francia (CNRS) e director do Centro de Teoría e Modelización da Biodiversidade de Moulis

Virginie Maris, filósofa do medio. Investigadora do Centro de Investigacións Científicas de Francia (CNRS) no Centro de Ecoloxía Funcional e Evolutiva de Montpellier

Sylvestre Huet, xornalista científico independente. Autor do blog {Sciences²} na edición dixital de *Le Monde*

SINOPSE

Cales son os mecanismos e as causas principais da extinción das especies? Que podemos esperar das axendas políticas? Cómpre promover unha ecoloxía de combate ou unha ecoloxía da reconciliación que volva colocar o ser humano na natureza? Como evitar ou limitar esta sexta extinción?

Para comprender os desafíos desta crise, un especialista en xestión ambiental, un biólogo mariño, un ecólogo e unha filósofa do medio convidánnos á súa mesa. A partir dos seus coñecementos, dos seus temores, mais tamén das súas esperanzas, achégannos unha visión científica e cidadá sobre a sexta extinción masiva, a primeira do Antropoceno.

ETIQUETAS

Antropoceno, biodiversidade, cambio climático, contaminación, ecoloxía, extinción masiva



ECOLOXÍA



ASÍ É A DITADURA

DATOS XERAIS

Prezo: 14 €

N.º páxinas: 48 páxinas

Medidas: 18 x 21 cm pechado

Data de edición: novembro de 2017

EAN: 978 84 945917 5 4

Autoría: Equipo Plantel

Ilustración: Mikel Casal

Tradución: María Mediero Mayán

Idioma: galego (tradución do castelán)

Materia: ensaio

Icona: dereitos humanos

Público ao que vai dirixido: infantil

AUTORES:

Equipo Plantel: é un colectivo que nos anos 1977 e 1978 preparou unha serie de libros sobre cuestións como a democracia, a ditadura, as clases sociais ou a relación entre homes e mulleres. O equipo estaba formado polos autores Adriana D'Atri, Miguel García Sánchez e Curra Orozco.

Mikel Casal: publica os seus deseños e caricaturas en xornais e revistas de todo o mundo, mesmo no afastado Perú. Alén de debuxar, a Mikel o que máis lle presta é facer surf. Adoita ir co seu fillo Telmo á praia da Zurriola e ven saír o sol mentres se enfrontan ao vento e ao mar montados nas súas táboas. Non sabemos se o pensan, pero vivir nunha ditadura ha ser exactamente o oposto a voar sobre unha onda.

SINOPSE

Este libro fai parte dunha colección de catro títulos pensada para os lectores máis novos que publicou entre os anos 1977 e 1978 a editorial barcelonesa La Gaya Ciencia.

O ditador Franco morrera só un par de anos antes e o país estaba a vivir unha etapa —a Transición— que achegaría os primeiros cambios democráticos. Xa pasaron case corenta anos desde aquela e pensamos que o espírito e a maior parte da letra deste libro está completamente vixente, polo que decidimos volver editalo con novas ilustracións.

ETIQUETAS

Dereitos humanos, ditadura, Franco, liberdade de opinión, liberdade de prensa, ensino, ditadores, autoritarismo, historia



DEREITOS
HUMANOS



AS MULLERES E OS HOMES

DATOS XERAIS

Prezo: 14 €

N.º páxinas: 48 páxinas

Medidas: 18 x 21 cm pechado

Data de edición: marzo de 2018

EAN: 978 84 945917 7 4

Autoría: Equipo Plantel

Ilustración: Luci Gutiérrez

Tradución: María Mediero Mayán

Idioma: galego (tradución do castelán)

Materia: ensaio

Iconas: dereitos humanos, educación

Público ao que vai dirixido: infantil

AUTORES:

Equipo Plantel: é un colectivo que nos anos 1977 e 1978 preparou unha serie de libros sobre cuestións como a democracia, a ditadura, as clases sociais ou a relación entre homes e mulleres. O equipo estaba formado polos autores Adriana D'Atri, Miguel García Sánchez e Curra Orozco.

Luci Gutiérrez: ilustrou moitos libros infantís. Algúns en Italia e en italiano. Tamén fixo outras obras que non son nin para nenos nin para nenas, como Kamasutra (aínda que a palabra soe graciosa), e outros que son máis ben para ela mesma, como English Is Not Easy ('O inglés non é doado'), que escribiu e debuxou para ver se así aprendía a lingua dunha vez por todas. Polo de agora, segue a estudar e viaxa sempre que pode a Nova York, onde ademais publica os seus debuxos en varias revistas, todas en inglés.

SINOPSE

Este libro fai parte dunha colección de catro títulos pensada para os lectores máis novos que publicou entre os anos 1977 e 1978 a editorial barcelonesa La Gaya Ciencia.

Cando valoramos traducir este libro escrito hai corenta anos, pensabamos que se cadra estaría desfasado porque disque no tema das mulleres e os homes a sociedade foi avanzando. En efecto, desde 1978 até 2018 producíronse moitos cambios, e, por sorte, case sempre para mellor. (Os lectores de máis idade han poder comprobar agora eses cambios ao leren este libro.)

Así e todo, as mulleres non só non desfrutaban de moitos privilexios que semellan reservados para os homes, senón que seguen a sufrir en todo o mundo grandes discriminacións.

ETIQUETAS

Dereitos humanos, mulleres, homes, igualdade, sociedade, machismo, feminismo, discriminación, desigualdade, educación



DEREITOS
HUMANOS



COMO LIBERAR O POTENCIAL DO VOSO NENO

ACTIVIDADES INSPIRADAS NO MÉTODO MONTESSORI.
0-2 ANOS

DATOS XERAIS

Prezo: 18,50 €

N.º páxinas: 164 páxinas

Medidas: 15,3 x 21,5 cm

Data de edición: abril de 2018

EAN: 978 84 945917 85

Autoría: Daniela Valente

Tradución: María Mediero Mayán

Idioma: galego (tradución do italiano)

Materia: manual

Icona: educación alternativa

Público ao que vai dirixido: adultos. Pais e nais, coidadores e educadores, e calquera adulto en contacto con cativos

AUTORES:

Daniela Valente: italiana nacida en 1979.

Montessori pasou a formar parte da súa vida coa chegada do seu neno, do que decidiu ocuparse a tempo completo, polo que tomou un descanso na súa traxectoria profesional e, en vista dos resultados excepcionais acadados co seu fillo, decidiu promover activamente o método Montessori a través de varias publicacións e doutras iniciativas, como a páxina web www.montessori4you.it.

Na actualidade, alén de coordinar este proxecto, é directora editorial da editora Coccole books, que fundou hai doce anos. Ocupase da promoción á lectura de proxectos infantís e leva anos traballando como asesora para escolas e diferentes organismos públicos e coordinando cursos de formación para pais e mestres.

SINOPSE

Unha guía práctica, chea de actividades e xogos con obxectos sinxelos que podedes atopar pola casa, e moitos consellos e suxestións interesantes —todos eles en liña cos principios do método Montessori— entre os que poder escoller aqueles que mellor reflictan a personalidade e o período sensible de pequenos de ata dous anos de idade. Os cativos non son obxectos cos que pór en práctica as nosas propostas, senón persoas que precisan un ambiente preparado con coidado, con moitas actividades diferentes e estimulantes que respondan ás súas necesidades de tocar, manipular, explorar con todos os sentidos, alimentando e sostendo o proceso natural de crecemento de cada neno

ETIQUETAS

Educación alternativa, método Montessori, ensino, pais, manual práctico, nenos, cativos, fillos



EDUCACIÓN E CRIANZA
ALTERNATIVAS



catroventos
EDITORA

CADERNO DE CAMPO DAS ILLAS CÍES

DATOS XERAIS

Prezo: 19,50 €

N.º páxinas: 124 páxinas

Medidas: 17 x 24 cm. Tapa dura, ilustracións a cor.

Data de edición: agosto de 2018

EAN: 978 84 945917 61

Autoría: José Arcas

Idioma: galego, castelán e inglés

Materia: divulgación científica

Icona: ecoloxía

Público ao que vai dirixido: todos os públicos, incl. infantil e xuvenil

AUTOR:

José Arcas: doutor en Bioloxía. Artista autodidacta da natureza. Nas súas obras representa as súas vivencias no campo. Os suxeitos preferidos nas súas obras son as aves e, en concreto, as especies ligadas a medios marítimo-costeiros, como gaivotas e limícolas.

Traballa con diferentes técnicas, como óleo, acuarela, pastel, lápices de cores e linóleos. Tamén realiza esculturas de diferentes especies de fauna.

Web: <http://www.josearcas.com>

SINOPSE

«No salvaxe radica a preservación do mundo» escribiu Thoreau a propósito do camiñar pola natureza, e precisamente isto é o que che propón este caderno: catro rutas polas illas Cíes guiadas polas acuarelas dun lagarto arnal, do corvo mariño cristado, de varias gaivotas patiamarelas...

Este libro é un caderno de campo, é dicir, unha compilación de ilustracións da natureza feitas en lapis e acuarela por José Arcas (biólogo e artista) para pór en valor o patrimonio natural das illas Cíes. Neste caso, a fermosa experiencia visual enriquecese ademais coas paisaxes sonoras do arquivo de Carlos Suárez.

ETIQUETAS

Ecoloxía, consumo responsable,
cambio climático, aves,
ilustracións, paisaxes sonoras



ECOLOXÍA



O LIBRO DOS OCÉANOS QUE AMEAZA O MAR?

DATOS XERAIS

Prezo: 21,50 €

N.º páxinas: 128 páxinas

Medidas: 21,5 x 30,2 cm (A4) Tapa dura, infografías a dúas cores.

Data de edición: agosto de 2018

EAN: 978 84 945917 92

Autoría: Esther Gonstalla

Tradución: Patricia Buján Otero

Idioma: galego (tradución do alemán)

Materia: divulgación científica

Iconas: consumo responsable, ecoloxía

Público ao que vai dirixido: todos os públicos, incl. infantil e xuvenil

AUTORA:

Esther Gonstalla: diseñadora gráfica especializada en deseño de libros, infografías e animacións dixitais (Erdgeschoss Grafik), e editora (Erdgeschoss Verlag). Co seu traballo gráfico, que xira sempre arredor do estado e a protección do medio natural, pretende visualizar temas complexos de xeito accesible. Para este traballo sobre os océanos contou co apoio da fundación alemá German Ocean Foundation.

Web: <http://www.erdgeschoss-design.de/en>

SINOPSE

Verteduras de petróleo, sobrepesca, illas de refugallos plásticos... Hai tempo que os nosos mares deixaron de ser fonte de saúde, alimento e benestar. Nas últimas décadas, a contaminación e o espolio dos océanos aumentaron de forma notable. Mais cal é o auténtico estado do meirande ecosistema da Terra? Malia levarmos vivindo desde sempre do mar e co mar, hoxe en día segue a ser un dos territorios máis descoñecidos do planeta. Esta falta de coñecemento podería converterse na ruína do océano e, en consecuencia, na ruína do ser humano.

Un retrato que, alén de convidar á reflexión, se converte nun recurso para a acción.

ETIQUETAS

Ecoloxía, consumo responsable, cambio climático, contaminación, plásticos, sobrepesca, océanos, biodiversidade



CONSUMO
RESPONSABLE



ECOLOXÍA



DÚBIDAS REAIS DE ADOLESCENTES SOBRE SEXO

DATOS XERAIS

Prezo: 14,50 €

N.º páxinas: 92 páxinas

Medidas: 15,3 x 21,5 cm

Data de edición: novembro de 2018

EAN: 978 84 949154 0 6

Autoría: Sabela Iglesias Faustino

Idioma: galego

Materia: divulgativo con ilustracións

Icona: educación alternativa

Público ao que vai dirixido: adolescentes, docentes, pais ou titores

AUTORA:

Sabela Iglesias: licenciouse en Medicina na Universidade de Santiago de Compostela no ano 2010 e especializouse en xinecoloxía en Vigo, cidade na que exerce nos servizos públicos de saúde desde 2015. Nese mesmo ano, creou, acompañada doutras compañeiras, o proxecto #hablemosdesexo que na actualidade se segue levando a cabo en múltiples escolas e institutos da bisbarra de Vigo. De esta experiencia xorde o seu primeiro libro: Dúbdas reais de adolescentes sobre sexo.

Podedes consultarlle calquera dúbida en: www.facebook.com/groups/habl3mosdesexo.
Quen sabe, se cadra dá lugar a unha nova edición deste libro.


SINOPSE

Hai algún problema por ter relacións sexuais con 14-16 anos? Os homes mastúrbanse máis ca as mulleres? Por que os rapaces teñen mamilas? Este libro nace das charlas formativas realizadas por Sabela Iglesias, xinecóloga especializada. Son a resposta a moitas cuestións sobre sexualidade que lles xurdiron aos adolescentes de diferentes centros de ensino secundario da comarca de Vigo.

Unha escolma das preguntas máis relevantes e frecuentes acompañada dunha explicación clara sobre os diferentes métodos anticonceptivos e preventivos de enfermidades. Ademais de debuxos actuais e demostrativos para completar outros aspectos que vos importan e que importa que coñezades.

ETIQUETAS

adolescentes, anticoncepción, educación sexual, igualdade, ITS, secundaria, sexo, sexualidade, xénero



EDUCACIÓN
E CRIANZA
ALTERNATIVAS

catroventos
EDITORA

O SENTIDO DO ABRAIO, A CELEBRACIÓN DA NATUREZA PARA PERSOAS DE TODAS AS IDADES

DATOS XERAIS

Prezo: 11€

N.º páxinas: 56 páxinas.

Estrutura formal: Texto, fotografías e papel cebola verde sobre as mesmas.

Medidas: 15,3 x 21,5 cm pechado + solapas

Data de edición: decembro 2018

EAN: 978 84 949154 4 4

Autoría: Rachel Carson

Tradución: Patricia Buxán Outeiro

Idioma: galego (tradución do inglés)

Materia: ensaio

Icona: ecoloxía

A quen vai dirixido: todos os públicos

AUTORA:

Rachel Louise Carson (1907-1964). Nada en Springdale (Pensilvania, EUA), Carson licenciouse en Bioloxía coa especialidade de Ciencias do Mar e ocupou distintos postos profesionais no Departamento Federal de Pesca dos EUA. Como autora dedicouse á divulgación científica e as súas obras contribuíron a sentar as bases da conciencia ambiental e do ecoloxismo moderno, especialmente coa publicación en 1962 de *Silent Spring* ('Primavera silenciosa'), na que denuncia o uso indiscriminado dos praguicidas, en especial do DDT. Tamén acadaron grande éxito as obras que conforman a denominada «triloxía do mar»: *Under the Sea Wind* ('Baixo o vento do mar', 1941), *The Sea Around Us* ('O mar que nos rodea', 1951) e *The Edge of the Sea* ('O borde do mar', 1955).

SINOPSE

Xuntando dúas das cinco liñas editoriais de Catro Ventos, ecoloxía e educación alternativa, publicamos en galego este ensaio da escritora e bióloga mariña Rachel Carson (1907-1964), autora de obras fundamentais para o ecoloxismo moderno como *Primavera silenciosa* (1962).

Na publicación orixinal na revista *Women's Home Companion* (1956), este texto ía dirixido a nais e pais e animábaos a explorar a natureza coas súas crianzas a fin de cultivaren xuntos o sentido do abraio. Esta obra é a base dun proxecto moi persoal da autora que había converterse no que ela denominaba *O libro do abraio*. Carson faleceu antes de poder darlle a forma esperada, pero o espírito e a súa teima persoal están aquí: como explorar e conservar durante toda a vida a capacidade do abraio, unha batalla que, segundo ela, só se gaña ou perde na infancia.

ETIQUETAS

Ecoloxía; natureza; crianza alternativa;
educación; aprendizaxe; Carson



EDUCACIÓN E CRIANZA
ALTERNATIVAS



ECOLOXÍA



FEMINISMO PARA O 99 % UN MANIFESTO

DATOS XERAIS

Prezo: 12,50 €

N.º páxinas: 76 páxinas.

Estrutura formal: Texto

Medidas: 15,3 x 21,5 cm pechado + solapas

Data de edición: febreiro 2019

EAN: 978 84 949154 5 1

Autoría: Arruzza, Cinzia; Bhattacharya, Tithi; Fraser, Nancy

Tradución: Patricia Buxán Outeiro

Idioma: galego (tradución do inglés)

Materia: ensaio

Icona: dereitos humanos

A quen vai dirixido: todos os públicos

AUTORAS:

Feministas e investigadoras, Cinzia Arruzza, Tithi Bhattacharya e Nancy Fraser teñen escrito a título individual sobre a relación entre o capitalismo e a opresión de xénero.

Cinzia Arruzza disecou as tensas relacións entre o feminismo e o socialismo, tanto desde o punto de vista da historia coma da teoría. **Tithi Bhattacharya** teorizou sobre que repercusións tiña a reprodución social nos conceptos de clase e loita de clases.

Nancy Fraser desenvolveu nocións dilatas sobre o capitalismo e a crise capitalista, da que a crise da reprodución social é unha rama.

Neste manifesto sintetizan as bases do Feminismo para o 99 %, un feminismo transnacional e anticapitalista que chama a unha transformación social profunda.

SINOPSE

O feminismo para o 99 % é anticapitalista e transnacional; ante a actual crise política do capitalismo, convidanos á solidariedade con outros movementos radicais para actuarmos desde a nosa diversidade a fin de transformar a sociedade.

Cinzia Arruzza, Tithi Bhattacharya e Nancy Fraser son tres das promotoras da folga feminista de 2018 nos Estados Unidos. En 2018 escriben este manifesto no espírito dos milleiros de mobilizacións feministas que reinventaron a folga ao faceren paros non só de traballo remunerado, senón tamén de traballo sociorreprodutivo non-remunerado, visibilizando a opresión de xénero que o capitalismo exerce ao subordinar o traballo da reprodución social ao da produción de beneficios.

Esta edición galega dunha obra, que se publica simultaneamente en 12 edicións distintas, incluída a orixinal inglesa, vai acompañada dun limiar da feminista e escritora María Reimóndez que nos axuda a situar as ideas deste movemento no contexto galego.

ETIQUETAS

Feminismo, 8M, anticapitalismo, feminismo para o 99 %, manifesto, ecoloxismo, movementos sociais



DEREITOS
HUMANOS



PERMACULTURA

UNHA CAIXA DE FERRAMENTAS PARA DESEÑAR UN MUNDO MELLOR

DATOS XERAIS

Prezo: 19 €

N.º páxinas: 236 páxinas

Estrutura formal: texto

Medidas: 15,3 x 21,5 cm pechado + solapas

Data de edición: xuño 2019

EAN: 978 84 949154 3 7

Autoría: Alexandre Grande Babarro

Idioma: galego

Materia: ensaio divulgativo

Icona: economía social, ecoloxía, consumo responsable

A quen vai dirixido: adulto

AUTOR:

Alexandre Grande Babarro, galego, nado en 1985. Xunta a toda a unha experiencia práctica en distintos contextos e lugares do mundo un constante proceso de aprendizaxe que o levou a formarse en permacultura, deseño de ecoaldeas, transformación ecosocial e metodoloxías de proxectos en institucións como o Instituto Chileno de Permacultura, Gaia Education, o Instituto de Permacultura Ná Lu'um ou a Gaia University. En 2014, cofunda en Vigo o proxecto Ecolectivo, unha iniciativa multidisciplinar de carácter experimental baseada na ecoloxía e outros ámbitos ecosociais, hoxe en día un dos espazos de referencia en permacultura no territorio español. Entre 2015 e 2019 asume a coordinación xeral en Europa do Instituto de Permacultura Ná Lu'um, facilitando numerosas formacións en diversos proxectos e países.

SINOPSE

Quen pense que a permacultura ten que ver coa disposición da horta e os cultivos, con baños composteiros ou con bioconstrución, vai por bo camiño, pero non atopará aquí o típico libro de permacultura, senón un libro que vai moito máis alá, un libro cuxa esencia é nutrir e espallar a visión dunha permacultura integral e práctica que nos axudará a tomar consciencia dos retos actuais, a avaliar axeitadamente as nosas posibilidades e a buscar redes.

Desde as experiencias persoais e unha traxectoria profesional activa e activista no eido da permacultura e da transición ecosocial, pero sobre todo desde a curiosidade cara a proxectos que apostan por outro mundo posible, Alexandre Grande Babarro preséntanos nesta obra unha visión global da permacultura que abrangue historia, referentes, trazos característicos, ferramentas de deseño e recursos para un mundo mellor. Completa ademais a súa achega coa presentación de proxectos vivos en Galiza baseados, dun xeito máis ou menos consciente, nos principios permaculturais e que nos propoñen respostas reais e viables ás crises ecolóxica e sistémica mundiais.

ETIQUETAS

permacultura, transición ecosocial, crise ecolóxica, crise sistémica, bioconstrución, flor da permacultura, deseño



ECONOMÍA
SOCIAL



ECOLOXÍA



CONSUMO
RESPONSABLE



ÁRBORES QUE NON ARDEN

AS MULLERES NA PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

DATOS XERAIS

Prezo: 19 €

N.º páxinas: 236 páxinas

Estrutura formal: texto

Medidas: 15,3 x 21,5 cm pechado + sobrecuberta

Data de edición: outubro 2019

EAN: 978 84 949154 6 8

Autoría: Equipo do Proxecto Batefogo / varias autoras

Idioma: galego

Materia: ensaio divulgativo

Icona: economía social, ecoloxía, dereitos humanos

A quen vai dirixido: adulto

AUTORÍA:

O equipo do proxecto Batefogo está composto por **Celsa González Ogando**, **Paula Lubián Fernández**, **Miguel Pardellas Santiago** e **Brais Pérez Gómez**, unha enxeñeira agrónoma, dúas educadoras ambientais licenciadas en Ciencias Ambientais e un asesor especializado en cooperativas que se xuntaron un día para traballar conxuntamente na prevención dos incendios forestais con ferramentas de intervención social. Conscientes de que as solucións á problemática dos incendios están no terreo do social, e empregando como ferramentas a educación e a participación, traballan nas comunidades máis directamente afectadas polos lumes para abordar as súas causas estruturais e deseñar colectivamente propostas de actuación.

SINOPSE

Nunha panorámica superficial do mundo do lume, a presenza de mulleres resulta aparentemente anecdótica. A súa visibilidade nos distintos escenarios do complexo quebracabezas que supón a problemática dos incendios forestais en Galicia é moi reducida; demasiado...

Fagan memoria das noticias sobre a autoría dos lumes, das imaxes do servizo de extinción, dos comités da administración autonómica, ou dos foros de debate sobre os lumes, o ordenamento e a xestión do territorio. É que elas non prenden? Non apagan? Non deciden? Non reflexionan sobre os incendios forestais, as súas causas e consecuencias?

Para tentar dar resposta a estas preguntas, o equipo do proxecto Batefogo reúne neste volume achegas de diferentes autoras que, desde a súa disciplina, reflexionan sobre o papel das mulleres na prevención e extinción dos incendios forestais.

ETIQUETAS

mulleres, lumes, árbores, incendios, prevención, territorio



CRAC!

UNHA BREVE HISTORIA DA ECONOMÍA DA GRECIA ANTIGA AO SÉCULO XXI

DATOS XERAIS

Prezo: 19,90 €

N.º páxinas: 272 páxinas

Estrutura formal: texto

Medidas: 15,3 x 21,5 cm pechado + solapas

Data de edición: novembro 2019

EAN: 978 84 949154 1 3

Autoría: Alexandre Versignassi

Idioma: galego

Materia: libro divulgativo de coñecementos

Icona: economía social, consumo responsable

A quen vai dirixido: adulto – adolescente

AUTORÍA:

Alexandre Versignassi é xornalista e director de redacción de Superinteresante, a revista de ciencia máis importante de América do Sur. En 2012, foi finalista do premio máis recoñecido de Brasil, o Premio Jabuti, por este libro que tes entre as mans e gañou catro veces o Premio Abril de Xornalismo. Nos seus máis de vinte anos de traxectoria profesional, leva escritas centenas de reportaxes de divulgación científica e aplica ao xornalismo económico o principio chave que aprendeu na divulgación científica: facer interesante aquilo que é relevante e amosar a relevancia do que semella meramente interesante, unha premisa que segue e leva ao extremo neste libro.

SINOPSE

Crac! fai un paseo por 12 000 anos de civilización e traza parelismos entre o pasado e o presente para explicar como funcionan as moedas, a inflación, as burbullas, os cracs financeiros e o ir e vir infinito entre a euforia e a depresión da economía. Dunha economía cíclica que sempre se repite.

Alexandre Versignassi ten unha capacidade brillante para achegarnos, con ironía e sarcasmo, a todos eses conceptos financeiros que están tan presentes nas nosas vidas e que descoñecemos por completo.

Da man dos tulipáns, Isaac Newton, os chimpancés, Homer Simpson e as carabelas, entenderás por fin o mundo do diñeiro e da economía, a máis perturbadora, intensa e xenial das creacións humanas. Unha ciencia que permite que os mesmos 12 euros estean en dous sitios ao mesmo tempo ou que merques un piso de 150 000 euros sen ter que ir pedir micropréstamos de 150 euros a 1000 cidadáns á boca do metro.

ETIQUETAS

economía, consumo, crisis económica, moedas, inflación, burbulla, tulipáns



ECONOMÍA
SOCIAL



CONSUMO
RESPONSABLE




catroventos
EDITORIA

MAPA ECOSOCIAL DE GALICIA

DATOS XERAIS

Prezo: 22,50 €

N.º páxinas: 96 páxinas

Medidas: 21,5 x 30,2 cm (A4) Tapa dura, infografías a dúas cores.

Data de edición: decembro de 2019

EAN: 978-84-949154-2-0

Autoría: Rebeca Fernández Hermo e Xosé Veiras García

Idioma: galego

Materia: divulgación científica

Icona: consumo responsable, ecoloxía, economía social

Público ao que vai dirixido: todos os públicos, incl. infantil e xuvenil

AUTORÍA:

Rebeca Fdez. Hermo, xornalista. Comezou a súa andaina nas páxinas do *Galicia Hoxe*, nas que puido plasmar diariamente o seu compromiso ambiental até o peche do xornal. Foi parte do Consello de Redacción do *Altermundo* e cofundadora de *Dioivo*, revista dixital en galego nada en 2012 dunha Unión Temporal de Xornalistas exiliados da prensa tradicional. Parte das súas reflexións ambientais poden lerse en www.pensanomedio.wordpress.com.

Xosé Veiras García, licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago e diplomado especialista en sustentabilidade, ética ecolóxica e educación ambiental pola Universidade Politécnica de Valencia. Traballa como educador e consultor ambiental. Membro de Ecoloxistas en Acción, ten colaborado con diversas organizacións de defensa ambiental de ámbito galego e español. Publicou artigos sobre medio ambiente e sustentabilidade en revistas e en libros colectivos. Autor do blog "Un claro no bosque" de Praza Pública (unclaronobosque.prazapublica.com).

SINOPSE

O obxectivo desta obra é trazar un mapa ecosocial da nosa terra. Fai unha fotografía actual, para coñecer o contexto e determinar cales son os eidos nos que debemos avanzar para conseguir unha sociedade máis xusta, equitativa e respectuosa co medio.

A obra permítenos retratar as dúas crises que debemos afrontar como sociedade: a crise ecolóxica (o cambio climático, a crise da biodiversidade, o esgotamento dos recursos enerxéticos, os incendios forestais etc.) e a crise social (de desigualdade, de coidados, de calidade de vida etc.). Cada capítulo vén ademais con infografías e cun cadro de boas prácticas que recolle proxectos e iniciativas que xa están a traballar nas posibles solucións.

ETIQUETAS

Galicia, ecoloxía, economía social, biodiversidade, crise, desenvolvemento sostible, sustentabilidade, mapa, ecosocial, cambio climático, lumes, enerxía, transporte, demografía, coidados, desigualdade




CONSUMO RESPONSABLE



ECOLOXÍA



ECONOMÍA SOCIAL



POLO REGO

DA 1.ª TEMPADA DO PROGRAMA DA TVG

DATOS XERAIS

Prezo: 19,90 €

N.º páxinas: 124 páxinas

Medidas: 17 x 24 cm, tapa branda, interior a color

Data de edición: maio de 2020

EAN: 978-84-949154-7-5

Autoría: Catro Ventos Editora

Idioma: galego

Materia: manual práctico

Icona: consumo responsable, ecoloxía, economía social

Público ao que vai dirixido: adulto

AUTORÍA

Estes son os protagonistas de Polo rego:

Carme (mestra de Sabores e Saberes)

David (mestre de Podas e Pragas)

Lola (mestra de Cestaría)

Patri (mestra de Plantas Silvestres)

Rosendo (mestre de Agricultura Sustentable e Xardíns)

Yago (mestre de Horta na Casa)

Son persoas que traballan o campo, por oficio ou como unha afección de proveito, cunha especial paixón e experiencia nas plantas, na horta e nos seus froitos. Todos eles son quen de transmitir o que saben de xeito sinxelo, sen reviravoltas, pero con entusiasmo, sentido do humor e o seu toque persoal.

SINOPSE

O agro galego é un terreo fértil en saberes. É coma unha grande universidade chea de mestras e mestres sabios dispostos a compartir parte do que levan aprendido da terra. Os protagonistas de *Polo rego* son xente que traballa o campo cunha especial paixón e experiencia nas plantas, na horta e nos seus froitos. Son quen de transmitir o que saben de xeito sinxelo, sen reviravoltas, con entusiasmo e humor.

Este libro recolle o mellor da 1.ª tempada do programa da TVG, con consellos sobre agricultura sustentable e xardinaxe, propostas de cestaría, trucos e remedios para a horta e as pragas, receitas para os froitos da terra, información útil sobre a compostaxe e ideas para aproveitar os beneficios das plantas silvestres. Con este libro entre as mans, todo vai ir polo rego!

ETIQUETAS

agricultura ecolóxica, cestaría, consellos, horta, mestres, plantas silvestres, poda, Polo rego, pragas, receitas, sabores e saberes, TVG, universidade do campo



ALÉN DO AZUL

O MUNDO SUBMARINO DA RÍA DE VIGO

DATOS XERAIS

Prezo: 22€

N.º páxinas: 168 páxinas

Medidas: 24 x 17 cm, tapa dura, interior a color

Data de edición: xuño de 2020

EAN: 978-84-949154-9-9

Autoría: Sara Carrasco e Silvia Iglesias

Idioma: galego

Materia: divulgación, libro ilustrado a cor

Icona: ecoloxía

Público ao que vai dirixido: todos os públicos

AUTORÍA

Sara Carrasco González (1986) é fisioterapeuta de formación, mais decidiu acabar mergullándose na ilustración naturalista e no mundo submarino, o cal retrata nesta obra mediante acuarela e lapis.

Silvia Iglesias Prado (1979) é psicóloga orientada ao eido da educación. En 2018, decidiu formarse en bioloxía mariña e na conservación e educación ambiental, eidos próximos á súa gran paixón: o mar. Aproveita as máis de 300 inmersións que leva feitas na ría de Vigo para realizar filmacións e fotografías que recollen en detalle as curiosidades e a beleza do mundo submarino.

SINOPSE

Mergullarse na ría de Vigo é visitar un mundo próximo baixo outra luz no que habitan flores que son vermes, expertos do disfraz ou alfombras verdes de pradarias.

Alén do azul. O mundo submarino da ría de Vigo é unha viaxe para coñecer as paisaxes submarinas e os seres que as habitan por medio de fotografías, ilustracións ao detalle e mesmo vídeos ligados con códigos QR.

Sara Carrasco e Silvia Iglesias (13GRADOS) enfían un relato de descubrimento a través desta guía visual e ilustrada na que coñeceremos ao detalle qué pasa baixo o mar, con apuntamentos sobre o noso impacto neste medio e recomendacións para un mergullo responsable.

ETIQUETAS

mergullo, bioloxía, cambio climático, consumo responsable, contaminación, ecoloxía, fauna submarina, flora submarina, rías baixas, ría de Vigo, ilustración, acuarelas, paisaxe, peixes, vídeos, QR



ECOLOXÍA



UNHA HISTORIA DO MUNDO EN SETE COUSAS BARATAS

SOBRE O CAPITALISMO, A NATUREZA E O FUTURO DO PLANETA

DATOS XERAIS

Prezo: 19,90 €

N.º páxinas: 324 páxinas

Medidas: 15,3 x 21,5 cm pechado + solapas

Data de edición: xullo de 2020

EAN: 978-84-949154-8-2

Autoría: Raj Patel e Jason W. Moore

Idioma: galego

Materia: divulgación, ensaio

Iconas: ecoloxía, economía social, consumo responsable, dereitos humanos

Público ao que vai dirixido: todos os públicos

AUTORÍA

Raj Patel é escritor multipremiado, profesor investigador na LBJ School of Public Affairs da University of Texas (Austin, EUA) e investigador sénior do Departamento de Humanidades da Rhodes University (África do Sur). Entre outras obras, é autor de *Obesos y famélicos. El impacto de la globalización en el sistema alimentario mundial* (Libros del Lince, 2008) e *Cuando nada vale nada. Las causas de la crisis y una propuesta de salida radical* (Libros del Lince, 2010).

Jason W. Moore é profesor de Historia Universal na Binghamton University de Nova York e coordinador da World-Ecology Research Network, a rede de investigación sobre a ecoloxía-mundo. É autor de obras como *Capitalism in the Web of Life: Ecology and the Accumulation of Capital* (Verso Books, 2015) e de numerosos ensaios premiados sobre historia medioambiental, economía política e teoría social.

SINOPSE

Natureza, diñeiro, traballo, coidados, comida, enerxía e vida: estas son as sete cousas que construíron o noso mundo e que conformarán o seu futuro. Mediante o abaratamento destas cousas, o comercio moderno transformou, gobernou e devastou a Terra.

En *Unha historia do mundo en sete cousas baratas*, Raj Patel e Jason W. Moore presentan un novo enfoque para a análise das urxencias planetarias actuais. Nunha época de crise nestas sete cousas baratas e que eles denominan *Capitaloceno*, requírese urxentemente unha forma de pensar innovadora e sistémica. Este libro propón un modo novo e radical de comprender (e recuperar) o planeta no turbulento século XXI.

ETIQUETAS

dereitos humanos, capitaloceno, capitalismo, alternativas económicas



ECOLOXÍA

catroventos
EDITORA



O LIBRO DO CLIMA

TODO O QUE CÓMPRE SABER

DATOS XERAIS

Prezo: 22,50 €

N.º páxinas: 132 páxinas

Medidas: 21,5 x 30,2 cm (A4) Tapa dura, infografías a dúas cores.

Data de edición: outubro de 2020

EAN: 978-84-122499-0-3

Autoría: Esther Gonstalla

Tradución: Patricia Buján Otero

Idioma: galego (tradución do alemán)

Materia: divulgación científica

Iconas: ecoloxía, consumo responsable

Público ao que vai dirixido: todos os públicos

AUTORÍA:

Esther Gonstalla: deseñadora gráfica especializada en deseño de libros, infografías e animacións dixitais (Erdgeschoss Grafik), e editora (Erdgeschoss Verlag).

Co seu traballo gráfico, que xira sempre arredor do estado e a protección do medio natural, pretende visualizar temas complexos de xeito accesible.

Para este traballo sobre os océanos contou co apoio da fundación alemá German Ocean Foundation.

Web: <http://www.erdgeschoss-design.de/en>

SINOPSE

Seca extrema e vagas de calor, mais tamén ondadadas de frío, inundacións e precipitacións intensas: a crise climática converteuse nun problema global que ninguén pode ignorar xa.

Aquí entra en acción *O libro do clima*: co apoio de investigadoras e investigadores de todo o mundo, Esther Gonstalla traduciu os datos científicos sobre o quecemento do planeta e as complexas relacións que hai entre eles en 50 gráficos claros e reveladores, igual que fixera n'*O libro dos océanos*.

Esta obra fala do clima e do CO₂, do ser humano como axente climático e dos efectos a escala mundial, mais tamén presenta solucións e propostas de actuación para o día o día. Un libro para quen non só coñece e comprende os riscos do cambio climático, senón que tamén quere actuar.

ETIQUETAS

Ecoloxía, consumo responsable, cambio climático, contaminación, quecemento global, modelos de consumo,



ECOLOXÍA



catroventos
EDITORA

COMO LIBERAR O POTENCIAL NA INFANCIA CO MÉTODO MONTESSORI

DOS 30 MESES AOS 6 ANOS

DATOS XERAIS

Prezo: 19,50 €

N.º páxinas: 236 páxinas

Medidas: 15,3 x 21,5 cm

Data de edición: outubro de 2020

EAN: 978-84-122499-1-0

Autoría: Daniela Valente

Tradución: María Mediero Mayán

Idioma: galego (tradución do italiano)

Materia: guía práctica

Iconas: educación alternativa

Público ao que vai dirixido: adultos, nais e pais, persoas coidadoras e educadoras e calquera adulto en contacto con cativos

AUTORÍA:

Daniela Valente nace na cidade italiana de Bérgamo en 1979 e Montessori pasou a formar parte da súa vida coa chegada do seu neno, por quen decidiu tomar un descanso na súa traxectoria profesional para ocuparse del a tempo completo. En vista dos resultados excepcionais acadados co seu fillo, decidiu promover activamente o método Montessori a través de varias publicacións e iniciativas, como as páxinas web montessori4you.it, con recursos e actividades para descargar, e lascuolaa-casa.com, dedicada á educación na casa.

Sitio web: <http://montessori4you.it>

SINOPSE

A partir dos dous anos e medio, aumenta a curiosidade das nenas e dos nenos, e con ela, a necesidade de proporlles actividades que estimulen o seu crecemento autónomo.

Esta obra é a continuación de *Como liberar o potencial do voso neno, 0-2 anos* e nace tamén da experiencia como nai de Daniela Valente, quen, combinando as descubertas de Maria Montessori coa neuropedagogía e a pedagogía activa máis avanzadas, suxire multitude de actividades de vida práctica, preparación á lectura e á escritura, desenvolvemento do sentido artístico e musical.

Cada páxina e suxestión están pensadas para crear un ambiente que motive a libre escolla dentro duns límites claros e implique as cativas e os cativos na vida diaria da familia e da contorna co obxectivo de formar persoas únicas e plenamente capacitadas.

ETIQUETAS

Educación alternativa, método Montessori, ensino, nais e pais, actividades prácticas, fillos, nenos, cativos, homeschooling, educación na casa, educación en galego, actividades en galego



EDUCACIÓN E CRIANZA
ALTERNATIVAS

catroventos
EDITORA

SETENTA IDEAS PARA A (POS)PANDEMIA

DATOS XERAIS

Prezo: 14,50 €

N.º páxinas: 76 páxinas

Medidas: 15,3 x 21,5 cm

Data de edición: novembro de 2020

EAN: 978-84-122499-3-4

Autoría: Manuel Fernández Blanco, Pilar García Negro, María Xesús Nogueira, Xosé Manuel Outeiriño Gallego, Fernando Ramallo, Francisco Sampedro, Iolanda Teixeira Rei

Idioma: galego

Materia: ensaio

Iconas: dereitos humanos, ecoloxía, economía social

Público ao que vai dirixido: adultos

AUTORÍA:

Esta obra coral conta cunha autoría de sete persoas de distintos eidos:

Manuel Fernández Blanco é psicanalista e psicólogo clínico do Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Pilar García Negro é profesora honoraria da Universidade da Coruña.

María Xesús Nogueira doutora en Filoloxía Galega e profesora de Literatura Galega na Universidade de Santiago de Compostela.

Manuel Outeiriño é profesor de Teorías da Comunicación na Universidade de Santiago de Compostela.

Fernando Ramallo é profesor de Lingüística na Universidade de Vigo.

Francisco Sampedro Ojeda é doutor en Filosofía.

Iolanda Teixeira Rei é licenciada en Pedagogía Social pola Universidade de Santiago de Compostela.

SINOPSE

Coa chegada da pandemia, o mundo entra nunha nova etapa histórica que, nos vindeiros anos, chegaremos a coñecer con máis certeza ca na actualidade. Por iso, en certa medida, non é desmesurado dicir que o novo século comeza agora, coa entrada nunhas máis deterioradas condicións de vida para a maioría da poboación en todo o mundo; condicións que, probabelmente, se acaben «naturalizando».

Setenta ideas para a (pos)pandemia é o resultado dunha interpelación a sete persoas galegas ás que se lles pediu que elaborasen un decálogo arredor da súa consideración sobre o mundo no que entramos ou, en todo caso, a que fase do sistema-mundo actual nos diriximos.

ETIQUETAS

Análise, cambios, confinamento, consecuencias, covid-19, críticas, efectos, ideas, pandemia, Pospandemia, propostas, teletraballo



EDUCACIÓN E CRIANZA
ALTERNATIVAS

catroventos
EDITORIA



«Non podemos cambiar o vento,
pero si o axuste das velas»

Aristóteles



CONSUMO
RESPONSABLE

ECONOMÍA
SOCIAL

EDUCACIÓN
E CRIANZA
ALTERNATIVAS

ECOLOXÍA

DEREITOS
HUMANOS

www.catroventos.gal
comunicacion@catroventos.gal
699 236 846

Rúa Ferrería, 25 Baixo
36202 Vigo (Pontevedra)

